

Curso de auga doce

O curso dos ríos, vertebradores desde sempre do noso territorio e da nosa relación co espazo, empregados como fonte de recurso e incorporados ao noso patrimonio inmaterial na elaboración de lendas, mitos, léxico ou fraseoloxía, atesouran unha grande riqueza lingüística e cultural que é de todas e de todos, de aí a importancia de dala a coñecer e facilitar o acceso a ela.

Neste curso profundaremos no coñecemento dalgúns aspectos da lingua galega seguíndomos os cursos dos nosos ríos e regatos, e de todo canto medrou e medra ao longo das súas bacías e máis da historia que os acompaña, ese outro río.

O curso remata cunha saída a uns muíños vigueses e a un bosque de ribeira.

O curso é de balde e está organizado polo Servizo de Normalización Lingüística.

DATAS: 20, 22, 27 de febreiro e 1, 6, 8, 13, 15, 20, 22 de marzo de 2018

HORARIO: de 18:30 a 20:30

LUGAR: Oficina Municipal de Distrito de Bouzas-Casa Patín (Eduardo Cabello, 36)

DURACIÓN DO CURSO: 20 horas (+ saída de 2 horas a muíños)

Para inscribirse deben enviar os seus datos (nome completo, teléfono e DNI) ao correo electrónico actividades.sn1@vigo.org {poñer no asunto: curso de auga doce}

A Oficina Municipal de Distrito de Bouzas é un espazo cedido gratuitamente polo Concello de Vigo coa colaboración da Concellaría de Participación Cidadá